

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

### DECRETO DA CONCELLEIRA RESPONSABLE DA ÁREA DE URBANISMO, PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO E TURISMO RELATIVO Á AMPLIACIÓN DO HORARIO DE RETIRADA DOS VELADORES CON OCASIÓN DAS FESTAS DE VERÁN.

En data 24/07/2018, a Concelleira de Goberno responsable da Área de Urbanismo, Promoción Económica, Emprego e Turismo do Concello de Pontevedra, no exercicio das atribucións que lle atribúe a lexislación en materia de réxime local, ditou un decreto, cuxo texto íntegro pódese consultar na sede electrónica do Concello de Pontevedra e cuxa parte resolutiva se transcribe a continuación:

(...) **Primeiro.-** Determinar, ao abeiro do disposto no artigo 22 da vixente Ordenanza municipal reguladora da instalación de veladores (mesas e cadeiras) na vía pública, que o horario de retirada e peche dos veladores se amplíe en media hora os venres, sábados e vésperas de festivo, con ocasión e durante o período de festas do verán que vai dende o día 25 de xullo ata o día 2 de setembro (celebración da Feira Franca), e, asemade, que o horario de retirada dos veladores se amplíe noutra media hora máis, tódolos días, durante o período referido, ao abeiro do disposto no art. 23 da Ordenanza, de tal xeito que o horario de retirada e peche, no período de festas, será ás 02:00 horas, ampliándose ata as 02:30 horas os venres, sábados e vésperas de festivo.

**Segundo.-** Lembrar que os veladores e os seus elementos retiraranse ás horas indicadas que se amplían pola presente resolución, podendo unicamente ficar amoreados no espazo público adxacente ao local durante o tempo que medie entre o horario de apertura do establecemento e o horario de inicio da actividade dos veladores disposto na ordenanza e entre o horario de peche que se amplía pola presente resolución e o horario de peche do establecemento, sen que, en ningún caso, estes amoreamentos poidan xerar unha barreira que interfira na circulación, no tránsito peonil, nas condicións de accesibilidade e uso da vía ou espazo público, nin nos recorridos de evacuación do local.

**Terceiro.-** Dar conta da presente resolución ao Servizo de Disciplina Urbanística, Medio ambiental e Policía Administrativa e á Policía Local para o seu coñecemento e oportunos efectos, e publicar o anuncio da ampliación do horario decretada na web municipal, na sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. (...)

Pontevedra, 27 de xullo de 2018

A concelleira de goberno responsable da Área de Urbanismo, Promoción Económica, Emprego e Turismo.  
Asinado Anabel Gulías Torreiro

